CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de outubro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de outubro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Dona EDELMIRO RODRÍGUEZ JANEIRO, con DNI núm. [redacted] e con domicilio no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo, solicita con data 21 de xullo de 2026 (RE-E núm. 517) unha primeira

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

prórroga do prazo para o inicio das obras de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E ACABADO DE FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2026, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado polo solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 08/10/26, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *"Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado"*.

Debidamente informados/as de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 3 de febreiro de 2027.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 6 de outubro de 2026, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada *"MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"*. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 16 de outubro de 2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados/as e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de *"MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS NOS NÚCLEOS RURAIS DE SOEIREXA E SANTA BAIA"*.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 93.989,28 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE "REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ", INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2025

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3 correspondente á obra de *"Reparación, mellora e pavimentación de camiños nas parroquias de Santa Baia, Fafián, San Salvador, Negrelos e O Az"*, incluída no Plan Máis Provincia 2025, por importe de SETENTA E SEIS MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (76.417,86 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 76.417,86 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-297 (FACe), de data 09/10/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROXECTO "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2026"

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da bases reguladoras e convocatoria realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto *"+Emprega nos Concellos 2026"* para financiar contratos formativos (BOP núm. 188, do 30/09/26) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento da contratación laboral, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a a tempo completo para un período dun ano. Proponse a contratación dunha persoa co nivel de estudos de grao en Comunicación Audiovisual para a realización de

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

funcións de divulgación e información, con adscrición ao Departamento municipal de Servizos Sociais.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto *"+Emprega nos Concellos 2026"* para a contratación¸ baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a co seguinte nivel de estudos:

- ✓ Licenciatura, Grao ou Diplomatura.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de DEZASEIS MIL OITOCENTOS EUROS (16.800,00 €) para a realización do proxecto subvencionado.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe non subvencionado dos custos necesarios para a realización do proxecto.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Ao non existir no Concello convenio ou táboa salarial de aplicación, acórdase fixar as retribucións salariais do/a traballador/a que se contrate a través deste proxecto, de conformidade coas táboas salariais de aplicación do IV Convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural (BOE núm. 62, do 11/03/26), coa seguinte desagregación:

RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (porcentaxe do 70 % incluído soldo, pagas extras e complementos salariais)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL DO POSTO DE TRABALLO
1.424,50 €	524,93 €	1.949,43 €

Sexto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

6.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIO DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Eder Jaime Rodríguez Valladares.

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 08/10/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: Eder Jaime Rodríguez Valladares

DNI: [redacted]

DOMICILIO: Lugar de Lamazares, parroquia de Camba

VALORACIÓN: [redacted]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,89 €/hora

7.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrencia, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Don José Antonio Vence Rodríguez, dado que se atopa incluído asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Fernández en data 14/10/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrencia, do usuario que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: José Antonio Vence Rodríguez

DNI: [redacted]

DOMICILIO: Lugar de Adelán, parroquia de Guillar

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 1,80 €/hora

8.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNA NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación da seguinte alumna en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNA	Olaya Rodríguez Ramos
DNI	[redacted]
ESTUDOS	Educación infantil
CENTRO	IES El Piñeiral, de Arzúa (A Coruña)
NÚMERO DE HORAS	100
DATA DE INICIO	02/11/2026
DATA FINALIZACIÓN	20/11/2026
DEPARTAMENTO	Servizos Sociais
DEPENDENCIA	Punto de Atención á Infancia (PAI)
COORDINADORA	Inés Vence Lamas, mestra do PAI

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e a alumna non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as continxencias legalmente esixibles.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

9.- AUTORIZACIÓN A ALUMNA UNIVERSITARIA PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE ESTADÍA DO "PRACTICUM I" NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a realización, en dependencias de titularidade municipal, da fase de estadía do *"Prácticum I"* do grao universitario por parte da seguinte alumna:

ALUMNA	Paula Moreiras Jorge
DNI	[redacted]
ESTUDOS	Dobre-Grao de Mestra en Educación Infantil e Educación Primaria
CENTRO	Facultade de Formación do Profesorado (USC – Campus de Lugo)
DATA DE INICIO	26/10/2026
DATA FINALIZACIÓN	18/12/2026
DEPARTAMENTO	Servizos Sociais
DEPENDENCIA	Punto de Atención á Infancia (PAI)
COORDINADORA	Inés Vence Lamas, mestra do PAI

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e a alumna non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as continxencias legalmente esixibles.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

10.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona María Esther García Gutiérrez (RE núm. 1632, do 20/10/26), e a proposta de resolución emitida con data 20/10/26 pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA ESTHER GARCÍA GUTIÉRREZ, con DNI núm. [redacted] veciña do lugar de Casar de Seta, parroquia de Arnego.

11.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SANTA BAIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Don Ángel Cortés Fernández, con DNI núm. [redacted] veciño do lugar de Barrio, parroquia de Santa Baia de Camba (RE núm. 1617, do 15/10/26), polo que, na representación da Comisión de festas parroquial, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa Baia de Camba celebradas os pasados días 29 e 30 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

para o exercicio corrente.

12.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN" – EXPEDIENTE PAS-SU 1/2026

De conformidade co establecido na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"*, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación do subministro de *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"* ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 10.178,53 €

  Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de agosto de 2026, s/recibos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- XUNTA DE GALICIA 14,73 €

  Por autoliquidación de taxa de autorización para a realización de certames, concursos, exposicións ou concentración de animais, s/cargo.

- LIBERTY EXPRESS EUROPA S.L. 287,26 €

  Por gastos de envío a Venezuela de medicamentos doados por mor do terremoto padecido, s/factura núm. FTES-2026-295000076.

- ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. 2.395,80 €

  Por abono total do contrato de servizos consistente no análise organizativo para facilitar a valoración dos postos de traballo do Concello coa finalidade da tramitación dunha Relación de Postos de Traballo (RPT), s/factura núm. C/26-0315 (FACe).

- RODOIL S.L. 83,26 €

  Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de agosto de 2026, s/factura núm. 2026/26/000389 (FACe).

- CENTROS COMERCIALES CARREFOUR S.A. 84,00 €

  Por adquisición de tronas para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 2026FBFN01989962.

- ANTONIA GÓMEZ DOMÍNGUEZ 2.752,75 €

  Por subministro de axendas e libretas contra a violencia de xénero, s/factura núm. 1/26418 (FACe) – Subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

- FERRODEIRO S.L. 2.065,69 €

  Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/facturas núm. VG/26-001713 e VG/26-001918.

- RODOIL S.L. 2.668,94 €

  Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de agosto de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000387,

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

2026/26/000391, 2026/26/000394, 2026/26/000395, 2026/26/0000396, 2026/26/000397, 2026/26/000398 e 2026/26/000399 (FACe).

- CANGADO S.L. 582,32 €

  Por subministro de diverso material para obras municipais, s/facturas núm. R1/000269, R1/000345 e R1/000404.

- XANTAR NA PRAIA S.L. 1.530,00 €

  Por xantar servido aos participantes na actividade *"Tour Cambote"*, s/factura núm. 13.

- FEIJOO E HIJOS S.C. 57,20 €

  Por subministro de empanadas para evento de seguridade viaria organizado pola Dirección Xeral de Tráfico, s/factura núm. A/52.

- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L 3.569,50 €

  Por traballos de acondicionamento de rúas nos lugares de Calque, A Granxa e Agrochouso, s/factura núm. 2026_17 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 4.579,90 €

  Por subministro de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000762 (FACe).

Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- FERRODEIRO S.L. 312,20 €

  Por subministro de materiais de ferraxería, s/factura núm. VG/26-001917.

- PRIMO LALÍN S.L. 766,79 €

  Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 202600955.

- EL CORDERO GALLEGO S.L. 471,29 €

  Por subministro de combustible ás furgonetas de transporte, s/factura núm. 26F/000692 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- O RODO, S. COOP. GALEGA 197,29 €

  Por subministro de combustible ás furgonetas de transporte, s/facturas núm. FA-1751 e FA-1752.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)